

---

## II Xornada Galega de Bioinformática

- Actualizado ()

A Rede Galega de Bioinformática (RGB) celebrará a II Xornada Galega de Bioinformática, que terá lugar o próximo 4 de decembro en Santiago de Compostela, na Aula Magna da Facultade de Matemáticas da USC.

### DATAS IMPORTANTES:

Data límite de envío de abstracts: 4 de novembro

Notificación de aceptación de contribucións: 18 de novembro

Data límite de inscrición: 22 de novembro

Celebración: 4 de decembro

A inscrición é gratuita, e ten como data límite o 22 de novembro. Para realizala deberá cubrir o formulario ubicado na seguinte dirección: <http://rgb.cesga.es/register/reg2xgb/2xgb.php>. Existe un aforo limitado, co que as plazas asignaranse por estricta orde de rexistro.

Asimesmo, invítase ós asistentes a presentar contribucións ó congreso. A data límite para o seu envío é o 4 de novembro. O comité científico seleccionará un número limitado de traballos para ser presentados de xeito oral, e o resto serán presentados como posters. A resolución deste proceso notificarase o 18 de novembro. Máis información no enlace <http://rgb.cesga.es/index.php/general/ii-xornada-galega-de-bioinformatica-2009/inscripcion-y-contribuciones.html>

Os seguintes conferenciantes invitados confirmaron a súa asistencia:

\* Toni Gabaldón. CRG, Barcelona.

\* Xavier Daura. ICREA-UAB, Barcelona

\* Victor Maojo. UPM, Madrid.

\* Julio R. Banga. IIM-CSIC, Vigo.

Para obter información máis detallada do evento pode visitar a páxina da Xornada nesta dirección:

<http://rgb.cesga.es/index.php/general/ii-xornada-galega-de-bioinformatica-2009.html>

Se ten algún tipo de dúbida, pode contactar a través da dirección de correo [inforgb@cesga.es](mailto:inforgb@cesga.es)